

POLA DEFENSA DO RIO ULLA, DO NOSO MAR E DA NOSA TERRA
RE-MATEMOS NÓS A CELULOSA DE ALTRI E A MINA DE TOURO

AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALIZA

(Nome)....., DNI....., e enderezo a efectos de notificación

(postal ou electrónico)....., comparece e, como mellor en dereito proceda,

DI

PRIMEIRO. Que segundo apareceu nos medios de comunicación en datas recentes, "la conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, ha anunciado que el Gobierno gallego archivará el expediente del Proyecto Gama. La decisión no la toman por motivos ambientales, sino que se fundamenta en la exclusión de la planta de la red de transporte eléctrico por parte del Gobierno central". Engadir a Conselleira, en concreto, que a Xunta «no puede autorizar un proyecto que no tiene garantizado el suministro eléctrico», afirmación que se complementou na información xornalística coa explicación de que "Altri quedó fuera de la planificación de la red de transporte de energía eléctrica aprobada por el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, un requisito indispensable para la viabilidad técnica de una planta de tales dimensiones. Aun así, la propia conselleira no descarta que el proyecto se reanude en un futuro, si bien lo ve complicado".

Complementouse este anuncio do arquivo expediente de Altri indicando que se lle darán tres meses á promotora para que evacúe as alegacións que estime pertinentes como paso previo á declaración de caducidade do procedemento administrativo. Cabe, pois, inferir que se pretende aplicar o disposto no artigo 95.1 da Lei 39, 2015, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o cal dispón que "nos procedimientos iniciados a solicitud do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertirlle que, transcorridos tres meses, producirase a caducidade do procedemento. Consumido este prazo sen que o particular requirido realice as actividades necesarias para renovar a tramitación, a Administración acordará o arquivo das actuacións, notificándollo ao interesado. Contra a resolución que declare a caducidade procederán os recursos pertinentes".

SEGUNDO. A aplicación do antedito precepto ao relativo aos procedementos administrativos que se están a desenvolver pola Xunta de Galiza a respecto do proxecto de celulosa de Altri non se axusta a Dereito.

Por unha banda, cómpre salientar que en canto ao procedemento relativo á solicitude de autorización ambiental integrada, a mesma tivo entrada na Xunta o 10 de novembro de 2023. En aplicación do artigo 21 do Real Decreto Lexislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, o prazo máximo para resolvela é de seis meses, transcorrido o cal debe entenderse desestimada por silencio administrativo se non se resolveu expresamente.

Polo tanto, o que corresponde a estas alturas é que por parte da Xunta de Galiza se resolva expresamente sobre o fondo da solicitude, desestimándoa, dado que os seis meses transcorreron -a salvo de que se teña suspendido o procedemento- en maio de 2024, e dado que segundo é público e notorio e foi indicado pola propia Conselleira, Altri quedou fora da posibilidade de interconexión á rede de transporte, extremo que non é preciso que sexa ratificado en fase de alegacións pola empresa promotora.

No tocante á solicitude de concesión de augas (procedemento concesional de clave DH.A36.88645), asimesmo foi superado con creces o prazo máximo legalmente previsto para a resolución e notificación. Consecuentemente, procederá tamén a resolución desestimatoria do mesmo, dada a inviabilidade material do proxecto invocada por esa Administración.

TERCEIRO. As resolucións expresas e desestimatorias dos procedementos referidos atopan subvento, ademais, na Sentenza nº 60/2026, da Sala Terceira, Sección segunda, do TSXG, de data 13 de febreiro do ano en curso, recaída en Procedemento Ordinario 4072/2025, que declarou a nulidade parcial da Orde de 4 de outubro de 2024, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, pola que se aproba a Estratexia galega da Infraestrutura verde, "en el sentido de que debe mantenerse la protección de la zona objeto de la presente litis tal y como figuraba antes del trámite de información pública y por consiguiente anulando la posterior corrección tras ese trámite efectuada en los mapas que figuran en el anexo".

O mantemento de dita protección inválida de plano a DIA favorable emitida a respecto do proxecto Altri -ou Gama-, toda vez que a mesma non tivo en conta que tal proxecto se pretendía desenvolver sobre un espazo que definitivamente tén, en aplicación de dita Sentenza, a consideración de área de amortecemento, a respecto da que se sinala expresamente nesa sentenza que *"debemos de corroborar la mención de la parte recurrente, de que gozan las zonas de amortiguamiento de una especial protección por motivos medioambientales"*.

CUARTO. O Consello da Xunta declarou en decembro de 2022 proxecto industrial estratéxico o de Altri. Dita declaración incumpre o previsto no artigo 79.1.e) do Decreto Lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza, precepto que esixe que coa solicitude de dita declaración se achegue a descrición das posibles afeccións ambientais do proxecto. O proxecto de Altri foi declarado como industrial estratéxico polo Consello da Xunta sen considerarse as afeccións ambientais que agora quedan acreditadas a partires da definitiva consideración do espazo no que se pretende ubicar como zona de amortecemento, motivo polo cal cómpre a revogación de dita declaración.

QUINTO. Finalmente, cómpre referirse a que no DOG número 226, de 22 de novembro, publicouse o Acordo do 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

Ao abeiro do disposto no artigo 26.5 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza, relativo aos procedementos de outorgamento de dereitos mineiros, "unha vez transcorrido o prazo máximo de doce meses sen que se notifique resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude".

Tendo sido superado con creces, e a todas luces, ese prazo máximo de resolución e notificación, cómpre tamén no presente caso que por parte da Xunta de Galiza se dicte Resolución expresa desestimando a solicitude de referencia.

A mais abastanza, cómpre salientar que o artigo artigo 33 da Lei estatal de avaliación ambiental 21/2013, relativo aos trámites e prazos da avaliación de impacto ambiental ordinaria, dispón no seu punto 4 que "a análise técnica do expediente de impacto ambiental e a formulación da declaración de impacto ambiental realizaranse no prazo de catro meses, contados desde a recepción completa do expediente de impacto ambiental". Dito prazo, e novamente de xeito evidente, tamén foi superado amplamente sen que se emitise a DIA do proxecto.

Polo exposto, **SOLICITO:**

1º. Que en base ao argumentado en Dereito nas liñas que anteceden, por parte da Xunta de Galiza se proceda a resolver en sentido desestimatorio, como paso previo ao seu arquivo, as solicitudes de concesión de augas e de autorización ambiental integrada relativas ao proxecto Gama, así como á revogación da declaración do mesmo como proxecto industrial estratéxico.

2º. Que en execución da Sentenza nº 60/2026, da Sala Terceira, Sección segunda, do TSXG, de 13 de febreiro, recaída en Procedemento Ordinario 4072/2025, se resolva a modificación da aprobación da Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas e a publicación no Diario Oficial de Galiza da mesma trala modificación, mantendo, segundo determina a antedita Sentenza, "la protección de la zona objeto de la presente litis tal y como figuraba antes del trámite de información pública y por consiguiente anulando la posterior corrección tras ese trámite efectuada en los mapas que figuran en el anexo".

3º. Que considerando o exposto no ordinal quinto do presente escrito, se proceda a resolver desestimatoriamente a solicitude ou solicitudes relativas ao proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

En, a ... de.....de 2026

Asdo.:.....